

## IGAPE

### AXUDAS INTERNACIONALIZACIÓN 2010. ( PRAZO: 30 DE XUÑO DO 2010)

**CARACTERÍSTICAS:** Axudas a Fondo perdido. En concorrencia non competitiva . Incluídas en réximen de mínimos.

**PLAZO PRESENTACION SOLICITUDES: 30 Xuño 2010.**

#### 1. IG- 156- INTERNACIONALIZACION- SEMINARIOS INTERNACIONALIZACION.

Organización de foros, xornadas técnicas ou seminarios dirixidos a difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas en materia de internacionalización das empresas galegas.

**BENEFICIARIOS:** Asociacións empresariais. / Clusters empresariais

#### REQUISITOS DO PROXECTO

- Actuacións a realizar entre o 1 de Xaneiro e o 15 de Novembro do 2010.
- Nun mesmo exercicio, non poderá concederse a un mesmo solicitante una subvención total por máis de 70.000€ no caso solicitudes de empresas individuais, 150.000€ no caso de solicitudes de agrupacións de empresas e 200.000€ no caso de organismos intermedios.

#### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de Publicidade. Gastos de Elaboración e impresión de documentación.
- Gastos de Contratación de Relatores.
- Bolsa de Viaxe para cubrir gastos de desprazamento e aloxamento dos relatores

#### CONTÍA DAS AXUDAS:

- Ambito do solicitante Local; 45%, limite 4.000€ Máx 1 evento por beneficiário.
- Ambito do solicitante Provincial; 45%, limite 4.000€ Máx 2 eventos por beneficiário.
- Ambito do solicitante autonómico; 60%, limite 6.000€. Máx 3 eventos por beneficiário.
- Xornadas Organizadas conxuntamente por agrupacións de alomenos três asociacións ou Consellos; 75%, limite 9.000€

#### BOLSA DE VIAXE

- Para viaxes para resto de España e Portugal, bolsa de 500€ por relator.
- Para viaxes desde resto de Europa, bolsa de 1.000€ por relator.
- Para viaxes desde fora de Europa, bolsa de 1.500€ por relator.

#### 2. IG-151. INTERNACIONAL- PLANIFICACION EXTERIOR

Favorecer a planificación ordenada da internacionalización da empresa a través do apoio a elaboración e implementación de plans estratéxicos internacionais a corto e medio prazo, xa sexa co obxecto de: abastecemento de materias primas ou produtos intermedios, lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes nos novos mercados, ou para estudar as posibilidades de expansión mediante implantación comercial en novos mercados internacionais (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país)

#### BENEFICIARIOS

- 1- Empresas, incluídas aquelas de obxecto social de prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
- 2- Os Consorcios de Exportación con personalidade xurídica propia.
- 3- As agrupacións de alomenos catro persoas físicas ou xurídicas que acaden un acordó formal de cooperación no ámbito da internacionalización.

#### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos externos de Consultoría e Asistencia. / Bolsa de Viaxe para cubrir gastos de desprazamento.
- Gastos Notariais e Rexistrais no caso de formalización de acordos para proxectos de cooperación.
- Subscripción a servizos de información sobre licitacións públicas internacionais.
- Asistencia Técnica Externa na preparación de ofertas para licitacións.
- Compra de pregos para proxectos de licitacións internacionais.
- Gastos de interpretacióne traducción. Precio de entrada para a asistencia ao evento.

#### CONTIA DAS AXUDAS

Límites por Solicitantes:

- 50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais. Límite máximo 20.000€
- 60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters cun límite máximo de 50.000€
- 75% do gasto subvencionable cun límite máximo conxunto de 40.000€ para proxectos cuxos solicitantes sexan consorcios e agrupacións de empresas formados por alomenos 4 empresas.

Límites por Concepto: Gastos de Viaxes: Para viaxes con destino ou orixe Portugal; 500€ Con destino ou orixe resto de Europa; 1.000€ Con destino ou orixe fóra de Europa; 1.500€

### **3. IG171. INTERNACIONAL- PARTICIPACION EN EVENTOS EXPOSITIVOS INTERNACIONAIS CELEBRADOS EN GALICIA**

Incentivar a participación das empresas galegas en eventos expositivos e promocionais internacionais que se celebren en Galicia de tipo comercial ou técnico, coa finalidade de favorecer os contactos internacionais das mesmas.

#### BENEFICIARIOS

- 1- Empresas produtoras de bens ou servizos./Os Consorcios de Exportación.
- 2- Asociacións empresariais e clústers empresariais.

#### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de Aluguer do espazo expositivo ( podendo incluír servizos básicos directamente vinculados ao aluguer e á participación como expositor e facturados pola organización).

CONTIA DAS AXUDAS 50% do gasto subvencionable.

O límite máximo da axuda para esta liña e convocatoria, é de 3.000€.

### **4. IG110. INTERNACIONAL- PARTICIPACION EN EVENTOS EXPOSITIVOS INTERNACIONAIS E PROMOCIONAIS CELEBRADOS FORA GALICIA**

Favorecer a participación en eventos expositivos e promocionais internacionais que se celebren fóra de Galicia de tipo comercial ou técnico.

#### BENEFICIARIOS

- 1- Empresas./ Os Consorcios de Exportación.
- 2- Asociacións empresariais e clusters de carácter empresarial
- 3- Agrupacións de alomenos 4 persoas físicas ou xurídicas que acaden un acordó formal e estable de cooperación no ámbito da internacionalización.

#### REQUISITOS DOS PROXECTOS

Será subvencionable a participación en :

- Actuacións de Promoción tipo seminarios, feiras, desfiles, certames, promoción en punto de venda, xornadas técnicas, showrooms, demostracións, exposicións, presentación de produtos, degustacións, catas ...etc)
- Eventos expositivos internacionais celebrados fóra de Galicia de tipo comercial ou técnico.

#### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de Aluguer do espazo expositivo, de mobiliario e de equipos audiovisuais.
- Gastos de Envío e de retorno de Catálogos, produtos, stand e outros materiais necesarios.
- Gastos de servizos de interpretación, de azafatas, modelos e montadores.
- Os gastos de deseño, montaxe e desmontaxe e construción do stand.
- Bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento e aloxamento e outros gastos de representación.
- Gastos da axencia organizadora.
- Aluguer e acondicionamiento de locais.
- Gastos de estilismo, fotografía ou Vídeo.

#### CONTIA DAS AXUDAS

- Límites por Solicitante: 15.000€ por proxecto subvencionable no caso de participación individual de empresas ou organismos intermedios. No caso de participación agrupada de empresas o límite amplíase en 4.000€
- Límites por Concepto: Gastos de Deseño, montaxe e desmontaxe do stand ( 150€ por metro cadrado). Gastos de viaxe ( destino España; 500€, destino resto de Europa; 1.000€, destino fóra de Europa; 1.500€).

### **5. IG 123- INTERNACIONAL- MISIONS COMERCIAIS DIRECTAS**

Impulsar a organización e coordinación de misións colectivas de empresas galegas ao extranxeiro para a prospección de novos mercados e contactar con potenciais clientes ou socios

BENEFICIARIOS: Asociacións empresariais./Consellos reguladores e clusters de carácter empresarial.

Nas misión deberán participar como mínimo 10 e como máximo 30 empresas galegas.

#### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de viaxe e aloxamento.
- Os gastos de Consultaría Externa especializada no mercado obxectivo.
- Os gastos de servizos de interpretación durante a misión.
- Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos e outros materiais precisos para a misión.
- Os gastos de aluguer do espazo para presentación, exposicións e encontros empresariais.

### CONTIA DAS AXUDAS

A contía por empresa e organismos intermedios participantes na misión será:

Misión a a Brasil, Rusia, India, China ou México: 50% sobre o gasto subvencionable. Máx; 7.000€ por participante na misión.

-Misión aos 12 últimos países adheridos a UE ( Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e os 3 países candidatos oficiais á preadhesión ( Croacia, República de Macedonia, Turquía); 50% sobre o gasto subvencionable. Máx ; 4.000€ por participante na misión.

-Misións ao resto de países: 40% de subvención sobre os gastos subvencionables co límite de 3.000€ por participante para misións con destino Europa.

## **6. IG 124- INTERNACIONAL- MISIONS COMERCIAIS INVERSAS**

Impulsar a organización e coordinación de misións inversas do extranxeiro a Galicia, que favorezan a un colectivo de empresas galegas para dar a coñecer as mesmas, e para facilitar o contacto con potenciais clientes ou socios

BENEFICIARIOS: Asociacións empresariais./ Consellos reguladores e clusters de carácter empresarial.

Deberán desenvolver no centro radicado en Galicia calquera actividade económica subvencionable.

### REQUISITOS DOS PROXECTOS

Nestas misións inversas deberán estar involucradas como mínimo 10 empresas galegas. Poderá aprobarse excepcionalmente a implicación inferior a 10 empresas galegas, no caso de que se trate dunha misión de sectores de menor representatividade en Galicia polo que se refire a número de empresas.

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES: Gastos de viaxe e aloxamento. Os gastos de servizos de interpretación durante a misión.

CONTIA DAS AXUDAS: Con carácter xeral, o 80% dos gastos subvencionables. Límite máximo por proxecto: 36.000€

## **7. IG 154- INTERNACIONAL-MISIONS INTERNACIONAIS TECNOLÓXICAS DIRECTAS E INVERSAS.**

Favorecer proxectos de organización e participación en misións tecnolóxicas internacionais, ca finalidade de adquirir ou transferir coñecementos científico-técnicos aplicables a actividade das empresas participantes.

### BENEFICIARIOS

- Asociacións empresariais./ Consellos reguladores e clusters de carácter empresarial.
- As agrupacións empresariais innovadoras

REQUISITOS DOS PROXECTOS: Nas misións directas deberán participar 5 ou máis empresas galegas.

### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

#### MISIONS DIRECTAS

- Gastos de viaxe e aloxamento.
- Gastos de Honorarios de 500€ por persoa e día de duración da misión, dun máximo de dúas persoas.
- Gastos de servizos de interpretación durante a misión.
- Gastos de consultaría externa especializada no mercado obxectivo.
- Os gastos de envío e se é o caso de retorno de catálogos, produtos e materiais necesarios.

#### MISIONS INVERSAS

- Gastos de viaxe e aloxamento dos representantes.
- Gastos de Honorarios de 500€ por persoa e día de duración da misión, dun máximo de dúas persoas.

### CONTIA DAS AXUDAS

- Misións con destino/orixe países pertencentes a OCDE; 80% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 4.500€ por participante para misión con destino Europa e 7.500€ por participante para misión con destino/orixe fóra de Europa.

- Misións con destino/ orixe países non pertencentes a OCDE; 70% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 4.000€ por participante para misións con destino/orixe Europa e 7.000€ por participante para misión con destino/orixe fóra de Europa.

## **8. IG 172- INTERNACIONAL-MARKETING, COMUNICACIÓN, MAXE E MARCA.**

Apoiar o lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes en novos mercados internacionais (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país), mediante plans de marketing, comunicación, imaxe e marca

### BENEFICIARIOS

- 1- As empresas./Asociacións empresariais
- 1- Consorcios de Exportación
- 2- Agrupacións de alomenos catro persoas físicas ou xurídicas que acaden un acordo formal e estable de cooperación no eido da internacionalización.

### REQUISITOS DOS PROXECTOS

Serán subvencionables as actuacións dirixidas a mercados estranxeiros para:

- Creación de marcas de empresas de Galicia así como, no seu caso, asistencia xurídica.
- Definición do nome, logotipos, imaxe e formato dixital, marca e asesoramento na imaxe corporativa.
- Elaboracións de plans de marketing dirixidos ao estranxeiro.
- Realización de plans de marketing dixital co obxecto de optimizar a presenza da empresa en internet p
- Difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través de campañas en medios de comunicación.
- Elaboración de material promocional.

### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de elaboración de material promocional.
- Gastos externos de consultaría e asistencia e gastos de contratación de axencias de comunicación
- Terán a consideración de gastos subvencionables todos os relativos ao deseño, elaboración, edición, traducción, e impresión.

### CONTIA DAS AXUDAS

A subvención acadará os seguintes límites:

- 50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais cun límite máximo de 40.000€
- 60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociación empresariais, consellos e clusters cun máximo de 75.000€
- 75% do gasto subvencionable cun límite máximo conxunto de 60.000€, para proxectos cuxos solicitantes sexan consorcios e agrupacións de polo menos catro empresas.

## **IGAPE**

### **AXUDAS INTERNACIONALIZACIÓN 2010. ( PRAZO 10 SETEMBRO 2010).**

**CARACTERÍSTICAS:** Axudas a Fondo perdido. En concorrencia non competitiva . Incluídas en réximen de mínimos

**PRAZO PRESENTACION SOLICITUDES:** **10 Setembro do 2010.**

## **9. IG 173- INTERNACIONAL- PROSPECCION INTERNACIONAL**

Apoiar a prospección comercial nos novos mercados do extranxeiro e nos mercados duty free de España e do extranxeiro, previa a unha posible implantación comercial estable

**BENEFICIARIOS:** As empresas./Asociacións empresariais e clusters de carácter empresarial.

### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de servizos profesionais externos
- Gastos de aluguer de espazo, tanto en corners en grandes almacéns ou tendas especializadas, como exposicións noutros lugares.  
Para aqueles solicitantes que previamente a súa implantación definitiva, decidan realizar a súa actividade de prospección dentro de centros de empresas ou en viveiros de empresas, subvencionarase o custo de aluguer ou cota correspondente.  
Cota de suscripción á oficina virtual.

**CONTIA DAS AXUDAS:** A Subvención acadará os seguintes límites:

- 50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais cun límite máximo de 30.000€
- 60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociación empresariais, consellos reguladores e clusters cun límite máximo de 50.000€

## **10. IG 158- INTERNACIONAL- PRIMEIRA IMPLANTACION COMERCIAL CONXUNTA NO EXTERIOR.**

Este programa está dirixido a empresas galegas que acaden un acordo de cooperación entre elas para aunar esforzos, compartir costes e, no seu caso, estratexia e marca para introducirse por primeira vez en novos mercados internacionais, especialmente nos países emerxentes de alto crecemento para o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país).

### BENEFICIARIOS

Proxectos tipo I: Primeira implantación conxunta no estranxeiro.

- 1- As agrupacións de polo menos tres empresas galegas, que se comprometan a crear una sociedade de promoción e introducción comercial dos seus produtos no país de destino.
- 2- Os consorcios domiciliados en Galicia e con personalidade xurídica independente formados por alomenos tres empresas galegas.

Proxectos tipo II: Centros de promoción no estranxeiro;

- 1- Asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters, mínimo 5 empresas galegas.
- 2- Agrupacións de polo menos tres empresas que se comprometan a establecer de forma conxunta un centro de promoción e introducción comercial no estranxeiro.

### INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

Proxectos Tipo I; Primeira Implantación; Serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento da sociedade que se constituía no país de implantación durante como máximo os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa constitución:

- Gastos de estrutura.
- Gastos de promoción e outros gastos relacionados co país de implantación.

Proxectos Tipo II; serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento do centro de promoción durante como máximo os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa posta en marcha:

-Aluguer do local, aluguer de inmovilizado, e soldos e salarios dun promotor e dun encargado do centro.

Gastos de promoción.

### CONTIA DAS AXUDAS

Proxectos Tipo I;

Se a implantación é en Brasil, Rusia, India, China ou México: 40%

Se a implantación é noutro país estranxeiro distinto dos anteriores: 35%

Límite máximo de axuda por proxecto: 160.000€ ano por cada empresa.

Proxectos Tipo II:

Para asociación empresarial, consellos reguladores e clusters: se o proxecto é en Brasil, Rusia, China ou México: 45%.

Límite máximo de axuda por proxecto: 100.000€ ano cando a solicitude a realice un só beneficiario, cando sexa conxunta incrementarase en 50.000€ o ano ata acadar un límite máximo conxunto de 325.000€ ano.

Para agrupacións de empresas:

Se a implantación é en Brasil, Rusia, China ou México: 35%

Se a implantación é noutro país distinto dos anteriores : 30%

Límite máximo de axuda por proxecto : 80.000€ o ano, por cada empresa adicional incrementarase en 25.000€ ata acadar un límite máximo conxunto de 155.000€ ano.

---

Para ampliar a información ou recibir un orzamento para a xestión e/ou execución das mesmas, pregámoslle establezan contacto connosco no **teléfono (881 977 196)**, **fax (881 977 402)** ou **correo electrónico ([dpv@obz.es](mailto:dpv@obz.es))**.

Fdo. Fernando Picón  
Socio Director